

Conservación das Ruínas de Santa Mariña Dozo

Silvia Lorenzo Paz, silvalorenzo666@gmail.com 27 /06 / 2016



Obxectivos

O obxectivo deste traballo é aportar unha diagnose do seu estado de conservación, fundamentada en probas e análises que previamente se propoñen, e quedarán expostas para a súa futura realización. A partir da súa diagnose, porase deseñar unha proposta de intervención e posterior mantemento.

Metodoloxía

A execución deste proxecto dividirase en tres partes:

A primeira destas comezará cunha compilación de tódolos datos histórico – artísticos acadados mediante un exhaustivo estudo bibliográfico, co fin de recadar unha ampla cantidade de datos relevantes que faciliten o achegamento, e polo tanto a comprensión, das características do Ben Cultural que nos atañe.

Estará constituída por varios subapartados, que se comporarán pola ficha técnica do inmóbel, a súa historia, o seu estilo artístico, e o proceso polo cal se converteu en camposanto.

Realizarase un exame visual previo, documentado mediante un informe preliminar ao que se adxuntará material fotográfico.

Ademais tamén nesta segunda parte, levarase a cabo unha descrición das posibles alteracións e a identificación dos axentes que as provocan. Isto dará paso a unha proposta de análises de forma efectiva, con previa planificación da súa metodoloxía e instrumentalización. Tamén se determinará onde serán efectuadas cada unha delas, engadindo en anexos finais as situacións das probas.

Isto será condicionante para obter unha boa valoración de danos e establecer unha diagnose. No caso de non executalas, quedará proposto para a súa realización.

Como resultado de tódalas fases anteriores, a última parte centrarase en elaborar unha proposta de intervención, e unhas pautas de mantemento periódico, que serán imprescindíbeis para a súa boa conservación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN
RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS



ESCOLA SUPERIOR
DE CONSERVACIÓN
E RESTAURACIÓN
DE BENS CULTURAIS
D.E. GALICIA